

## Literatura Universal. 1º de Bacharelato

### Organización do curso 2023-2024. Resumo da programación

O currículo da materia de Literatura Universal vén recollido no *Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia* (DOG do 26/09/2022).

#### 1. OBXECTIVOS.

A materia contribuirá á adquisición dos obxectivos da etapa do bacharelato, recollidos no artigo 7 do decreto citado, así como ás competencias básicas que figuran no artigo 8. Asemade, no ANEXO II do devandito decreto, que recolle o currículo das materias, establécense os obxectivos da materia de Literatura Universal para o Bacharelato.

A través dos obxectivos da materia de Literatura Universal contribuirase ao desenvolvemento das Competencias básicas, tal como se recolle na programación da materia, especialmente da Competencia en comunicación Lingüística (CCL) e da Competencia en conciencia e expresión culturais (CCEC). Tamén hai que destacar a contribución ao desenvolvemento da Conciencia persoal, social e de aprender a aprender (CPSAA) e da Competencia Dixital (CD).

#### 2. MATERIAIS DIDÁCTICOS.

Os materiais que se empregarán para o desenvolvemento da materia serán facilitados polo docente, ben a través da *aula virtual* como impresos (manexarase un *caderno de traballo* confeccionado polo profesor).

Para as obras de lectura manexaranse exemplares en papel provenientes da biblioteca do centro.

#### 3. ORGANIZACIÓN DO CURSO. LECTURAS.

O curso organizarase a través da lectura de seis obras obrigatorias e do desenvolvemento de tres eixos temáticos, relacionados coas lecturas e que serán a base

de cadanseu proxecto. O tres eixos temáticos serán os que vertebran os tres trimestres do curso:

### **1º Trimestre. O heroico e a construción da realidade.**

Abordarase o nacemento da literatura e a necesidade de reflectir a épica e os feitos heroicos que conforman o imaxinario das sociedades.

#### Lecturas:

*Tristán e Iseo*. Ed. de Alicia Yllera. Alianza Editorial

*Hamlet* ou *Romeo e Xulieta*. William Shakespeare.

### **2º Trimestre. O amor e as relacións humanas.**

Neste trimestre centrarémonos na expresión dos sentimentos e na complexidade da persoa, e a súa representación na literatura.

#### Lecturas:

*Conto de Nadal* de Charles Dickens.

*Viaxe ao centro da terra* de Jules Verne ou *Frankenstein*. Mary Shelley.

### **3º Trimestre. O individuo fronte á sociedade.**

No derradeiro trimestre desenvolveremos o tema do reflexo da sociedade na literatura ao longo do tempo e o encaixe do individuo na dinámica social.

#### Lecturas:

*A metamorfose*. Franz Kafka ou *Nunha pensión alemá*. Katherine Mansfield.

*O vizconde demediado*. Italo Calvino.

## **4. AVALIACIÓN.**

Realizarase unha avaliación continua diferenciada por trimestres. En cada trimestre valorarase a cualificación dunha proba escrita (40%), a realización de, polo menos, tres tarefas obrigatorias (40%) e a lectura das obras propostas en cada trimestre (20%).

En cada trimestre obterase unha cualificación, logo das ponderacións indicadas e do redondeo pertinente. En caso de que a cualificación final coa media do curso sexa inferior a 5 puntos, o alumno ou a alumna realizará a recuperación dos trimestres necesarios para alcanzar dita media. Poderase escoller que trimestre ou trimestres se

desexa recuperar e esta recuperación realizarase mediante unha proba escrita que integrará cuestións sobre as lecturas obrigatorias e sobre os contidos tratados.

## 5. SISTEMA DE RECUPERACIÓN.

En caso de que o alumnado non supere a materia na convocatoria ordinaria, será examinado de todo o curso na **convocatoria extraordinaria**. Esta proba será exclusivamente unha proba escrita con preguntas sobre os contidos do curso e sobre as obras de lectura obrigatoria.